

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

RESOLUCIÓN do 10 de xaneiro de 2019, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se nomea o tribunal cualificador do concurso-oposición para o ingreso na categoría de grupo auxiliar da función administrativa convocado pola Resolución do 1 de marzo de 2018.

Mediante Resolución desta dirección xeral do 1 de marzo de 2018 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 51, do 13 de marzo) convocouse concurso-oposición para o ingreso na categoría de grupo auxiliar da función administrativa.

Na súa base sétima dispónse que o tribunal cualificador do concurso-oposición será nomeado pola autoridade convocante cunha antelación mínima dun mes ao da data de realización das probas, publicándose para este efecto a oportuna resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

De conformidade coa antedita base, esta dirección, como órgano convocante do proceso,

ACORDA:

Primeiro. Nomear os membros do tribunal, titulares e suplentes, que vulgarán o proceso selectivo para o ingreso na categoría de grupo auxiliar da función administrativa convocado por Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde do 1 de marzo de 2018, e que aparecen relacionados no anexo desta resolución.

Segundo. Declarar de aplicación a este proceso as normas de funcionamento e actuación dos tribunais e do persoal colaborador, negociadas e aprobadas na Mesa Sectorial de Sanidade de data 20 de xullo de 2018, publicadas á disposición das persoas interesadas na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Terceiro. Esta resolución producirá os seus efectos a partir do mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019

Margarita Prado Vaamonde
Directora xeral de Recursos Humanos



ANEXO

Grupo auxiliar da función administrativa			
Presidente/a titular	Martínez Blanco, Ramón	Persoal funcionario do corpo superior de administración da Xunta de Galicia	
Secretario/a titular	Rodríguez Cabo, Esperanza	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo técnico da función administrativa
Vogal titular	Lage Mouriz, Álvaro	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo auxiliar da función administrativa
Vogal titular	González Luis, M ^a Teresa	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo auxiliar da función administrativa
Vogal titular	Martínez Castro, Francisco José	Persoal funcionario subgrupo C1. Escala de sistemas e tecnoloxías da información	
Presidente/a suplente	Recacho Rivas, Laura	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo técnico da función administrativa
Secretario/a suplente	Caamaño del Castillo, María Begoña	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo técnico da función administrativa
Vogal suplente	Alonso Vázquez, M ^a Luz	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo auxiliar da función administrativa
Vogal suplente	López Pérez, Luis Ricardo	Persoal estatutario de xestión e servizos	Técnico xestión de sistemas e tecnoloxías da información
Vogal suplente	Vázquez Vázquez, Fernando	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo auxiliar da función administrativa

